Compostela, 27 - XII - 61

Benqueridos amigos:

Nistes días de convivencia e de evocación familiar e amistosa, lembrámonos moi especialmente dos bós amigos que están lonxe. De corasón vos desexamos un ledo aninovo e as meirandes venturanzas pra iste ano que agora imos comenzar.

Non volvín ver a Dieste. Coido que marchou a Madrid. Un plan que había de que viñeran pasar un fin de semana á casa de Domingo quedou aplazado pola enfermedade e morte da nai diste.

A novedade máis recente de por eiquí que che podo dar non é nada grata: hai catro días, un coche pasou por enriba de Valentín Paz Andrade en Pontevedra. Fracturoulle as duas pernas, a cadeira, a clavícula i esnafroulle a cara. Hoxe fómolo ver ó sanatorio. Semella un Lázaro. Con todo, as impresións médicas son boas. Agardan que curarie normalmente e que quedará ben

Moitos saúdos nosos a Maruja e de Isabel pra ti. Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro

Moito nos alegramos dos teus triunfos artísticos, que son triunfos nosos.